



Concello de Portomarín

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O CONCURSO- OPOSICIÓN AO OBXECTO DE CONSTITUÍR UNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL PARA A CATEGORÍA DE DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL.

1.- OBXECTO DA BASES ESPECÍFICAS: Constitución de listaxe de aspirantes a prestar servizos temporais como DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL.

2.- BASES XERAIS: No presente proceso selectivo rexerán as bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno, por Acordo de 27 de marzo de 2018.

3.- RELACIÓN XURÍDICA: Contratación laboral temporal, por calquera das modalidades establecidas no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

4.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS:

4.1.- DENOMINACIÓN DAS PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS: DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL

4.2.- GRUPO DE ENCADRAMENTO: Grupo A – Subgrupo A2. (Grupo 2 Seguridade Social)

4.3.- RETRIBUCIÓNS: As retribucións a percibir polo/a ocupante serán as corresponden á praza/posto/emprego de DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL.

5.- ADSCRICIÓN: Ás distintas Unidades Administrativas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.

6.- FUNCIONS DO POSTO DE TRABALLO: As correspondentes a un DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL, conforme á normativa estatal e comunitaria aplicable ao exercicio desta profesión regulada.

7.- REQUISITOS INDISPENSABLES:

7.1.- TITULACIÓN ACADÉMICA: DIPLOMADO/A UNIVERSITARIO EN TRABALLO SOCIAL ou aquelas outras que habiliten para o exercicio desta profesión regulada, segundo establecen a normativas estatal e comunitaria.

8.- NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 4.

9.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN: CONCURSO- OPOSICIÓN.

O proceso selectivo constará de dúas fases. Unha fase de concurso e outra fase de oposición. A cualificación final do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na de concurso.

9.1.- FASE DE CONCURSO: BAREMO DE MÉRITOS (puntuación máxima 22 puntos).

Criterios xerais para todos os apartados do baremo:

- Só se valorarán os méritos que a xuízo do Tribunal estean acreditados conforme se sinala na base 8.2.



Concello de Portomarín

- Non se valorarán os méritos acreditados que non estean relacionados, a xuízo do Tribunal, coas funcións de TRABALLADOR/A SOCIAL, a excepción do apartado de idioma Galego que se puntuará en todos os casos.

9.1.1 Experiencia profesional (puntuación máxima de 7 puntos).

Criterios xerais:

- O cómputo dos días de experiencia profesional realizarase conforme aos días acreditados no informe de vida laboral.
- A experiencia nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público puntuarase se a relación de servizos é funcional, laboral ou, se é o caso, autónoma.
- No suposto de ser autónomo a puntuación realizarase segundo o tempo certificado polas Administracións Públicas ou polas Entidades do Sector Público que corresponda.
- A puntuación da experiencia profesional en entidades privadas realizarase en atención a denominación dos servizos prestados que figuren no contrato de traballo ou na nómina.

Criterios de puntuación:

a) Experiencia profesional nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público.

- Desempeño nas mesmas prazas/postos/empregos que se convoca: Valorarase a razón de 0,084 puntos por cada 30 días de traballo.
- Desempeño da prazas/postos/empregos con funcións similares: Valorarase a razón de 0,063 puntos por cada 30 días de traballo.

b) Experiencia profesional en Entidades Privadas.

- Desempeño do mesmo posto/emprego: Valorarase a razón de 0,042 puntos por cada 30 días de traballo.
- Desempeño de postos/empregos similares: Valorarase a razón de 0,022 puntos por cada 30 días de traballo.

9.1.2. Formación académica (puntuación máxima de 2 puntos).

Criterios xerais:

Non se puntuarán as titulacións académicas requiridas no proceso selectivo que se convoca.

Criterios de puntuación:

- a) Por titulación do mesmo nivel á requirida: 0,25 puntos.
- b) Por titulación de nivel superior á requirida: 0,50 puntos.
- c) Por titulación moi relevante para o desempeño das funcións do posto: 1 punto.

9.1.3. Formación Complementaria (puntuación máxima 5 puntos).

Criterios xerais:

- Non se puntuarán as asignaturas ou materias que formen parte dunha titulación académica, nin de masters propios.
- Os cursos de informática valoraranse sempre que o Tribunal considere que son necesarios para realizar as tarefas do posto.
- Non se puntuarán as accións formativas que non acreditan as horas de duración.



Concello de Portomarín

Criterios de Puntuación:

- a) Cursos, xornadas, seminarios, congresos, masters propios e similares:

TIPO DE CURSOS	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia.	0,005
Aproveitamento.	0,010
Impartir cursos.	0,020

- b) Publicacións, proxectos ou similares puntuaranse a criterio do Tribunal en función da relevancia para o desempeño do posto.

9.1.4. Idioma Galego (puntuación máxima 1 punto).

Criterios xerais:

- Non se puntuará o nivel de Galego esixido na base específica 8.
- O Tribunal poderá puntuar, en función da relevancia para realizar as funcións do posto convocado, os niveis ou cursos con puntuación superior ao outorgado ao B1.
- No suposto de acreditar varios documentos acreditativos do coñecemento de lingua galega dos reflectido na táboa seguinte só se puntuará un deles.

Criterios de puntuación:

NIVEIS DE COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA						
Marco Europeo de Referencia para os idiomas cooficiais				Cursos/ convalidables	titulacións	Puntuación
	Escola Oficial de idiomas		CELGAS			
	Plan novo	Plan vello				
A1	1º Curso do Nivel Básico	1º Curso do Ciclo Elemental				0,10
A2	Certificado de Nivel Básico (1º e 2º Curso Nivel Básico)	1º e 2º Curso Ciclo Elemental	CELGA 1			0,20
B1	Certificado Nivel Intermedio (1º e 2º Curso Nivel Intermedio)	3º Curso de Ciclo Elemental ou Certificado de Ciclo Elemental	CELGA 2			0,40
B2	Certificado Nivel Avanzado (1º e 2º Curso Nivel Avanzado)	1º e 2º Curso Ciclo Superior ou Certificado de Aptitude	CELGA 3	Curso de Iniciación de lingua galega.		0,60
C1			CELGA 4	Curso de perfeccionamento de lingua galega.		0,80
C2			CELGA 5	-Licenciatura en Filoloxía Galega ou Filoloxía Hispánica (subsección de galego-portugués). -Grao en Lingua e Literatura Galega, en estudos de Galego e Español e en Galego e Español		1,00



Concello de Portomarín

CURSOS DE LINGUAXES ESPECÍFICOS	Puntuación
Curso Medio de Linguaxe Administrativa galega ou Curso Medio de linguaxe xurídica galega ou cursos que teñan a mesma validez	0,90
Curso Superior de Linguaxe Administrativa galega ou Curso Superior de linguaxe xurídica galega ou cursos que teñan a mesma validez	0,95

9.1.5. Idiomas comunitarios (puntuación máxima 1 punto).

Cráterios xerais:

- O Tribunal poderá puntuar, en función da relevancia para realizar as funcións do posto convocado, os niveis ou cursos con puntuación superior ao outorgado ao B1.
- No suposto de acreditar varios documentos acreditativos de idiomas comunitarios dos reflectido na táboa seguinte só se puntuará un deles.
- Non se valorarán cursos que non están incluídos na táboa de equivalencias realizada con respecto ao Marco Europeo de Referencia para os idiomas comunitarios.

NIVEIS DE COÑECEMENTO DE LINGUAS COMUNITARIAS			
Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (terase en conta as equivalencias con respecto ao marco europeo segundo o idioma con creto que se valore)			Puntuación
Escola Oficial de idiomas			
	Plan novo	Plan vello	
A1	1º Curso do Nivel Básico	1º Curso do Ciclo Elemental	0,10
A2	Certificado de Nivel Básico (1º e 2º Curso Nivel Básico)	1º e 2º Curso Ciclo Elemental	0,20
B1	Certificado Nivel Intermedio (1º e 2º Curso Nivel Intermedio)	3º Curso de Ciclo Elemental ou Certificado de Ciclo Elemental	0,40
B2	Certificado Nivel Avanzado (1º e 2º Curso Nivel Avanzado)	1º e 2º Curso Ciclo Superior ou Certificado de Aptitude	0,60
C1			0,80
C2			1,00

9.1.6. Superación de exercicios para acceso á función pública (puntuación máxima 1 punto).

Cráterios xerais:

- Só se puntuarán os exercicios superados nos procesos selectivos de calquera Administración Pública e Entidades do Sector Público realizados para cubrir, con carácter definitivo, prazas/postos idénticos aos convocados.
- Os devanditos exercicios deberán terse superados dentro dos dous anos anteriores á publicación da convocatoria no BOP.



Concello de Portomarín

Criterios de puntuación: 0,20 puntos por exercicio superado.

9.1.7.- Entrevista curricular (puntuación máxima 5 puntos).

A entrevista terá como finalidade apreciar o grao de madurez, grao de formación xeral e técnica, formación e experiencia acreditadas no currículo, en relación coas funcións que se sinalan nas bases específicas da praza/posto/emprego ao que se opta.

Valorarase principalmente a aptitude e actitude para a praza/emprego que se convoca.

A entrevista será obrigatoria, sendo eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non se presenten a súa realización.

9.2.- FASE DE OPOSICIÓN:

As probas a realizar na fase de oposición serán as seguintes:

9.2.1. PROBA TEÓRICA DE COÑECEMENTOS XERAIS E ESPECÍFICOS.

Esta proba terá carácter teórico e a súa finalidade é que as persoas aspirantes poidan amosar os seus coñecementos sobre as materias comúns e as materias específica contidas no programa (base específica 10).

A proba poderá consistir, segundo determine o Tribunal, en:

Primeira opción:

A) Exame tipo test sobre os temas incluídos no apartado de materias común do programa.

B) Exposición por escrito dun tema, ou dunha parte deste, das materias específicas do programa, determinado por sorteo diante das persoas participantes.

Segunda opción:

Nun exame tipo test que abrangue a totalidade do programa (materias comúns e específicas).

O Tribunal determinará:

- O número de preguntas do exame tipo test.
- O tempo para a realización da proba.
- Os criterios de corrección, podendo penalizar no exame tipo test as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.
- A lectura pública polos aspirantes dos seus exercicios escritos sobre o tema específico, así como a realización de preguntas ou aclaracións necesarias que versarán sobre a materia obxecto da proba.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria.

Cualificarase ata un máximo de 20 puntos, sendo a puntuación mínima para superala 10 puntos.

9.2.2.- PROBA PRÁCTICA.

Esta proba consistirá nun suposto de carácter práctico sobre as funcións que se sinalan na base específica 2.

O Tribunal determinará:

- O contido do suposto práctico podendo incluír probas materiais ou simulacros, contestación a preguntas de forma oral, contestación de probas tipo test, determinación de itinerarios a seguir (fases, trámites, solucións a problemas, ...).



Concello de Portomarín

- A lectura pública polas persoas aspirantes (sempre que o contido da proba o permita) así como a realización de preguntas ou aclaracións necesarias que versarán sobre a materia obxecto da proba para formar unha opinión máis precisa dos coñecementos práctico de cada aspirante.
- Os criterios obxectivos de corrección.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória.

Cualificarase ata un máximo de 20 puntos, sendo a puntuación mínima para superala 10 puntos.

9.2.3.- Terceiro exercicio: Coñecemento da lingua galega.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

“[...] para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.”

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego sinalado na base específica 8 deberán realizar esta proba que consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualificarase con apto ou non apto.

9.2.4.- Cualificación final:

A cualificación final desta fase será a resultante de sumar as puntuacións obtidas nos dous primeiros exercicios. A dita fase poderá ser superada por un número de aspirantes superior ás de prazas convocadas.

9.2.5.- Publicidade da relación de aspirantes aprobados:

Rematada a fase de oposición, o Tribunal publicará, no taboleiro de anuncios do Concello e naqueloutros lugares que se estimen oportunos, a relación de aspirantes aprobados, coa indicación da puntuación final obtida conforme ao estipulado na base décimo segunda, apartado 2 das Bases xerais reguladoras deste proceso selectivo.

10.- PROGRAMA DE ACCESO.

A) MATERIAS COMÚNS.

Tema 1.- A Constitución Española de 1978 e principios xerais desta. O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 2.- Principios de actuación das Administracións Públicas. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación dos servizos. A administración electrónica.

Tema 3.- As fontes do Dereito Público na Administración Local. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os dereitos das persoas nas súas relacións coas administracións públicas.



Concello de Portomarín

Tema 4.- Os dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución.

Tema 5.- O Municipio no réxime local: as súas competencias. Órganos de decisión colexiados e unipersonais e organización complementaria.

Tema 6.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. A responsabilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 1.- O marco legal dos servizos sociais: Constitución Española, Estatuto de Autonomía de Galicia. A Lei de Bases de Réxime Local. A Lei de Administración Local de Galicia. A Política Social na Unión Europea. A Carta Social Europea. O Fondo Social Europeo.

Tema 2.- O sistema español de seguridade social. Lei protectora. Prestacións. Pensións contributivas. Pensións non contributivas. A Lei de Servizos Sociais de Galicia. Estrutura e contido. Principios xerais. Dereitos e deberes dos usuarios.

Tema 3.- O traballo social, concepto, fundamentos e principios. Suxeitos e contido. Niveis de intervención. Antecedentes históricos dos servizos sociais. A acción social municipal. Os servizos sociais comunitarios . Referencias legais. Funcións. Programas básicos de actuación .

Tema 4. - Os servizos sociais especializados . Referencias legais. Funcións. Competencias e organización. Equipamentos. Entidades prestadoras dos servizos sociais. Centros de Servizos Sociais. Autorización e acreditación de centros.

Tema 5 .- O plan concertado para o desenvolvemento das prestacións básicas de servizos sociais nas Corporacións Locais. Concepto e obxectivos. Programas e compromisos.

Tema 6.- Proceso metodolóxico no traballo social. Correntes metodolóxicas. Proceso metodolóxico na planificación, aproximación á realidade social. Formulación de prioridades. A planificación como parte do proceso metodolóxico no traballo social. O traballador social como xestor de recursos.

Tema 7.- Código deontolóxico. Segredo profesional no traballo social. A investigación en traballo social. As necesidades sociais. Tipoloxía, identificación e medidas. Técnicas aplicables.

Tema 8.- Técnicas de traballo social. Instrumentos de coñecemento, de intervención e de avaliación. Ficha e informe social. Definición e obxectivos. A aplicación das novas tecnoloxías ao traballo social. O sistema de Información de usuarios de servizos sociais e o manual de traballo, información e asesoramento en Servizos Sociais.

Tema 9.- A entrevista. Concepto. Características. Estrutura e proceso da entrevista. Interdisciplinabilidade, concepto e obxectivos. O traballador social como membro dun equipo interdisciplinar, fundamento, funcións e principios.

Tema 10.- Financiamento dos servizos sociais. Prestacións, axudas e subvencións. As previsións de financiamento. Estructuras e xestión orzamentaria no ámbito dos servizos sociais

Tema 11.- O servizo de axuda no fogar. Definición e obxectivos. Beneficiarios. Prestacións e tarefas. Funcións do/da Traballador/a Social. A lexislación galega en materia de inserción social. Estrutura e contido. Desenvolvemento das prestacións básicas.

Tema 12.- Lexislación en materia de promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia. Definicións. Niveis de protección. Prestacións e catálogo de servizos.



Concello de Portomarín

Tema 13.- O procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións de autonomía e atención á dependencia. Procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención. Organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Tema 14.- Aspectos sociais do envellecemento. Necesidades sociais . Programas Recursos. Centros de persoas maiores. Requisitos e tipoloxía. As persoas discapacitadas. Necesidades e Recursos. Centros e Servizos especializados. Procedemento do recoñecemento e cualificación do grao de minusvalía. Vantaxes do certificado de minusvalía.

Tema 15.- Lexislación en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas de Galicia. O proceso de incapacitación xudicial. A tutela. A Fundación Galega para a Tutela de Adultos.

Tema 16.- Lexislación galega en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero. O papel do traballador social nos servizos sociais de atención á muller. Orde de protección das vítimas de violencia de xénero. Protocolo de actuación para a atención de mulleres que sofren violencia de xénero.

Tema 17.- Cobertura de asistencia sanitaria ás persoas sen recursos económicos suficientes. Persoas estranxeiras e en desemprego. Lexislación galega sobre drogadiccións. Alcoholicismo. Factores psicosociais. Problemática sociolaboral e familiar. A intervención social dende os servizos sociais comunitarios.

Tema 18.- A enfermidade mental: principais categorías diagnósticas. Aspectos legais. Problemática do enfermo mental. Influencia dos factores psicosociais na saúde mental. Dispositivos básicos de saúde mental e funcións. O papel do traballador social.

Tema 19.- A mediación familiar. Concepto. A figura do mediador. Lexislación en materia de mediación familiar. Lexislación galega de familia, infancia e adolescencia: obxecto ámbito de aplicación e principios reitores. A intervención do traballador social dende o ámbito comunitario.

Tema 20.- Os malos tratos na infancia. Definición. Tipoloxía. Factores de risco. Situación de desamparo O proceso de intervención ante o maltrato infantil. Prevención, detección e tratamento social. O papel dos servizos sociais comunitarios.

Tema 21.- Asociacionismo e Voluntariado social. Concepto. Características A lexislación galega de voluntariado social. Organizacións non gobernamentais. Concepto e tipos.

Tema 22.- Minorías étnicas. Características e necesidades sociais. Aspectos demográficos. Programas servizos e recursos de intervención social. A Marxinación e exclusión social. O fenómeno sinfogarismo: características e tipoloxía . Recursos e procesos de intervención social con estes colectivos.

Tema 23.- O papel do/da traballador/a social na acción integradora nos niveis educativo e laboral e de ocio e tempo libre.

Tema 24.- O papel do/da traballador/a social na acción dinamizadora da comunidade. Ficheiro de recursos nos distintos ámbitos de intervención do traballador social.

Asinado electrónicamente a marxe do documento.

DILIXENCIA: O As presentes bases específicas e que consta de 8 follas (incluída a presente) foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de marzo de dous mil dezaoto.

Asinado electronicamente a marxe do documento
O Secretario,